

**Polo dereito a unha  
xubilación digna**



**Implantación de  
coeficientes  
reductores  
da idade  
de xubilación  
para o  
sector naval**



Confederación Intersindical Galega





# Implantación de coeficientes redutores da idade de xubilación para o sector naval

O pasado mes de xullo, CIG industria presentou formalmente unha solicitude ao abeiro do RD 1698/2011, dirixida á Secretaría Xeral de Ordenación da Seguridade Social para o establecemento de coeficientes redutores da idade de xubilación para todo o persoal do sector naval, de titularidade pública ou privada, de empresas principais ou auxiliares

**O** DEREITO a unha xubilación digna ven sendo un dos principais cabalos de batalla entre a clase obreira e os representantes do capital. E unha das reivindicacións que máis mobilizacións ten provocado nos últimos tempos, en especial como contestación á reforma que o goberno do PSOE pactou con UGT e CCOO no ano 2011.

Na actualidade a CIG ten en marcha varais campañas dirixidas a contrarrestar os efectos desta reforma, tanto sobre as persoas en particular como sobre o emprego en xeral.

Unha delas reivindicando que se prorrogue a posibilidade de acollerse á xubilación parcial aos 61 anos máis aló do 31 de decembro deste ano 2018, dun xeito universal, sen restricións por sectores ou empre-

sas. Esta é unha desas medidas dirixidas a manter, e rexuvenecer o emprego, na medida en que o posto de traballo do persoal que se xubila debe ser cuberto a través dos coñecidos contratos de relevo. Mais é unha medida que debe estenderse a todos os sectores de actividade sen exclusións.

O establecemento de coeficientes redutores da idade de xubilación está reservado (pola propia normativa que se aprobou na reforma mais tamén pola anterior), para aqueles sectores, actividades, ou profesións, que debido a súa penosidade, toxicidade, ou perigosidade, provoquen un especial desgaste na saúde do persoal, elevando os índices de enfermidades a partir de certa idade, ou mesmo de sinistralidade.

Do mesmo xeito que existen para o mar ou a minaría, polas condicións nas que se traballa nestes sectores, o sector naval tamén debe ter unha regulación semellante.

O sector naval reúne unha combinación de riscos que fan que sexa unha das actividades encadradas no Anexo I do RD 39/1997, Regulamento dos Servizos de Prevención, "Actividades perigosas para os efectos da coordinación de actividades empresariais".

Tamén deben ser obxecto de consideración, pola súa influencia sobre a Saúde do persoal, as prolongacións de xornada, o réxime de traballo a quendas, incluído o nocturno, ou unha combinación de todos. Así como unha adecuada valoración do impacto da eventualidade do persoal que presta

servizo no sector naval, cada vez máis presente a pesar das declaracións políticas, e que sempre redonda nun agravamento das condicións de traballo, ademais de deixalo fora das xubilacións parciais aos 61 anos, reservadas para persoal con contrato indefinido.

Mención especial merece o problema causado polo amianto, que ten provocado a existencia de un importantísimo continxente de afectados e afectadas no sector naval, e que ademais proporcionáanos unha lección que non debemos esquecer: actuar respecto dos novos sistemas, produtos, ou substancias, que aínda non están testadas polo paso do tempo, segundo o indispensable principio da PRUDENCIA, que para estes casos recomenda evitar por todos os medios exposicións prolongadas durante a vida laboral.

## Polo dereito a unha xubilación digna

